



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 288/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE FEBREIRO DE 2018.

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de febreiro de 2018.

#### CONTRATACIÓN

- 2.- Proposta de adxudicación da contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de Vías e Obras do Concello de Vigo. Expte. 79712/250.
- 3.- Proposta de clasificación de ofertas para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios. Expte. 12659/445.
- 4.- Proposta para declarar deserto o lote 2 “camións, buses e maquinaria” no procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios. Expte. 12659/445.

#### EDUCACIÓN

- 5.- Normas de adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2018-2019. Expte. 21809/332.

#### EMPREGO

- 6.- Promoción polo Concello de Vigo do proxecto empresarial denominado “Oui, Jane!” para a súa presentación ao Programa de Iniciativas Locais de Emprego (ILEs) da Consellería de Traballo e Benestar. Expte. 14882/77.

#### MEDIO AMBIENTE

- 7.- Proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: “Percorridos Medioambientais” dentro do programa Camiño a Camiño 2018. Expte. 13224/306.

### RECURSOS HUMANOS

- 8.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1.d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, por un prazo máximo de 6 meses para o servizo de Conserxería. Expte. 31110/220.
- 9.- Proposta desestimatoria de recurso de reposición interposto contra o acordo da X.Goberno local de data 28/12/2017 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público de 2017. Expte: 31433/220.
- 10.- Proposta desestimatoria de recurso de reposición interposto contra o acordo da X.Goberno local de data 28/12/2017 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público de 2017. Expte: 31438/220.
- 11.- Bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos do artigo 10.1. do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como subalterno. Expte: 31267/220.

### SERVIZOS XERAIS

- 12.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "Control Arqueolóxico previo aos traballos de renovación da rede de saneamento na rúa Jacinto Benavente" (Plan de Inversións de Aqualia) . Expte. 4748/440.

### TURISMO

- 13.- Solicitud de subvención á Xunta de Galicia para o apoio, promoción e difusión da festa declarada de interese turístico de Galicia, "Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2018". Expte. 6989/104.

### XUVENTUDE

- 14.- Prórroga do contrato de servizos de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico. Expte. 8559/336.
- 15.- Rogos e preguntas.



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 288/1102

### DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **22 de febreiro de 2018, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez